

## SITUACIÓN A XULLO DE 2011 E ESFORZO DE ESTABILIDADE NA LEXISLATURA

### A.- VOLUME DE GASTO OBRIGATORIO:

Gasto fixo en persoal	<b>33,3 MILL.</b>
<b>Volume de endebedamento</b>	<b>70,09 MILL.</b>
<b>Débeda con provedores</b>	<b>18,1 MILL.</b>
Servizos públicos básicos	<b>33,18 MILL.</b>
<b>Total gasto</b>	<b>154,67 MILL.</b>

### B.- DÉFICIT:

<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>
<b>-0,9 mill.</b>	<b>-2,5 mill.</b>	<b>-1,4 mill.</b>	+1,9	+4,6	+1,7

### C.- GASTO EN DÉBEDA ESTRUTURAL ORZAMENTADA:

DÉBEDA ESTRUTURAL ANUAL		
ANO	IMPORTE DÉBEDA	GASTO ADICADO A PAGO DÉBEDA
<b>2009</b>	74.641.416,25	<b>10.002.467,02</b>
<b>2010</b>	67.401.645,28	<b>10.601.934,98</b>
<b>2011</b>	65.498.032,67	<b>10.317.488,20</b>

### D.- PERÍODOS DE PAGO:

<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	Decembro 2014	Abril 2015
<b>113</b>	<b>122</b>	<b>142</b>	74	57	12,33	15,89

\*Datos 2009 a 2013 conta xeral. Datos 2014 y 2015 RD 63/2014 de 25 de xullo.

### E.- CUMPRIMENTO DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

<b>2008</b>	<b>2009</b>	<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>
<b>-17 MILL.</b>	<b>-14 MILL.</b>	<b>-0,4 MILL.</b>	+1,5 MILL.	+10,4 MILL.	+11 MILL.	+ 6 MILL.

## PRINCIPAIS MEDIDAS DE GOBERNO

XULLO 2014-XUÑO 2015

### EN 100 DÍAS

#### I.- PLAN DE MEDIDAS FISCAIS Y SOCIAIS 2015

- BAIXADA DE IMPOSTOS, CREACIÓN DE NOVAS BONIFICACIÓNS E AUMENTO DOUTRAS
- CONXELACIÓN DE TAXAS 2015

- **Nos PRIMEIROS 100 DÍAS DE GOBERNO**, aprobouse a reforma tributaria mais importante dos últimos anos, **co PLAN de MEDIAS FISCAIS e SOCIAIS 2015**:

#### 15 MEDIDAS TRIBUTARIAS e SOCIAIS

BAIXADA DE IMPOSTOS	BAIXADA
1.- IBI: URBANA E RUSTICA	<b>0,57% ao 0,54%.</b> O recibo baixa lixeira e ponderadamente para a maioría, e ademais impídese a súa subida derivada do efecto da aprobación da revalorización catastral do ano 2010, producindo un aforro para os contribuíntes.
2.-IMPOSTO CONSTRUCCIÓN	<b>2% ao 1,9%</b>
3.- IMPOSTO PLUSVALÍAS	<b>26% ao 22%</b>

IBI: Aumento das BONIFICACIÓNS TRIBUTARIAS <u>MAIS SOCIAIS</u>	
4.- VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA	Bonificación no recibo do IBI do <b>50% os primeiros tres anos e o 25% os seguintes cinco anos. Ademais, RECUPERAN a bonificación no ano 2015 os que a perderon en 2012,2013 e 2014.</b>
5.- FAMILIAS NUMEROSAS	Bonificación no recibo do IBI entre <b>15% e o 60% segundo sexa familia xeral ou especial e segundo o valor catastral da vivenda.</b>
6.- NUCLEOS RURAIS	Bonificación no recibo do IBI entre o <b>60%, 40% e 20% para os inmobles urbanos que carezan de tres, dous ou un servizo básico.</b>

+ BONIFICACIÓNS TRIBUTARIAS PARA IMPULSAR A ECONOMÍA E O EMPREGO	
7.- IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN	Bonificación no ICIO ata o <b>95% cando sexa de especial interese como o fomento do emprego</b>
8.- IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS	Bonificación no recibo do IAE entre o <b>15% ao 45% cando tributen por cota municipal e incrementen o cadro con contratos indefinidos</b>

9.- EMPRESAS URBANIZACIÓN, CONSTRUCCIÓN	Bonificación no recibo do IBI do 70% do IBI nos inmobles constitúan obxecto da actividade e non sexan inmovilizado.
---	---

+ BONIFICACIÓNS TRIBUTARIAS EN SECTORES ESTRATÉXICOS	
10.-IBI: SECTORES ESTRATÉXICOS DA CIDADE:	Bonificación no recibo do IBI do 75% inmobles de ensinanza universitaria (USC) e de investigación, e 50% como os monumentos ou xardín histórico de interese cultural afectos a explotacións económicas.

+ MEDIO AMBIENTE	
11.- Bonificación do 50% no IBI inmobles con aproveitamento térmico ou eléctrico enerxía solar para autoconsumo	
12.- Bonificación do 75% no imposto de construción, para instalacións, obras ou construcións con aproveitamento térmico ou eléctrico enerxía solar para autoconsumo	

OUTRAS MEDIDAS FISCAIS E SOCIAIS	
13.- Reforma do calendario Fiscal do IBI para non facer coincidir o pagamento co imposto de vehículos e o IRPF.	
14.- Aprobación da medida de fomento de domiciliación que permite cargar os recibos dos impostos o último día do prazo.	
15.- Aprobación da continuidade do pagamento fraccionado e o cambio da datas para aproximalo aso meses de maior capacidade económica dos contribuíntes.	

OUTRA MEDIDA ADOPTADA FOI A CONXELACIÓN DE TAXAS PARA O ANO 2015.

**EN 150 DÍAS**

## II.- APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2015

En 2015 aprobouse por primeira vez en 20 anos o orzamento do concello e das empresas municipais en tempo e forma.

As principais características do orzamento foron:

- Maior nivel de gasto de toda a lexislatura, 102 millóns de euros.
- Maior nivel de gasto social: Un aumento do 20% con respecto a 2014 e un 30% con respecto a 2011.
- Maior nivel de gasto en seguridade e transporte público, aumentando un 35% con respecto a 2014 e un 55% con respecto a 2011.

- d) Maior nivel de gasto inversor de toda a legislatura e un aumento do 20% con respecto a 2011.
- e) Maior nivel de gasto en fomento do TURISMO, aumentando un 200% a achega a INCOLSA, con 2,4 millóns de euros.
- f) 1,5 millóns para políticas de emprego
- g) E 1,4 millóns para a reforma do Auditorio de Galicia
- h) Con moi diversas medidas en materia de función pública, cun dotación para un novo plan de función pública e 28 prazas.
- i) Co maior nivel de minoración de débeda para os veciños, un 40%.

### III.- CREACIÓN DA RENDA SOCIAL NO ORZAMENTO 2015

Por primeira vez na historia do Concello creouse no orzamento 2015, para os mais necesitados a RENDA SOCIAL, dotada inicialmente con 600.000 euros.

### IV.- AMORTIZACIÓN ANTICIPADA DE DÉBEDA POR IMPORTE DE 4.008.505,85

Derivada da boa xestión económica en 2014, púidose aprobar en decembro de 2014 a operación de amortización anticipada de débeda por importe de 4.008.505,85, o que situaba a débeda municipal en mínimos históricos a 31/12/2014, entorno a 41 millóns, fronte aos 64,2 de 31/12/2010, e a conseguinte redución de débeda por habitante.

### V.- I PLAN DE CHOQUE DE ACTUACIÓNS SUSTENTABLES E URXENTES, POR IMPORTE DE 1.277.835,00 €

Tamén derivado da boa xestión económica de 2014 e o control do gasto, aprobouse en decembro 2014 o **PLAN DE CHOQUE DE ACTUACIÓNS SUSTENTABLES E URXENTES, POR IMPORTE DE 1.277.835,00 €**, que incluía moi diferentes e importantes actuacións na cidade.

- O PLAN DE CHOQUE, TRATA DE ACOMETER ACTUACIÓNS EN DIVERSAS ZONAS DO CONCELLO QUE O PRECISEN
- POR IMPORTE DE 1.277.835,00 €

## EN 2015

### VI.- LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2014 CON SUPÉRAVIT E SEN DÉFICIT

En febreiro de 2015, aprobouse **en tempo e forma** a liquidación do ano 2014, que supuxo afastar definitivamente o déficit e **liquidar en positivo as contas con 1,9 millóns de euros**.

## VII.- II PLAN DE CHOQUE NA CIDADE PARA 2015 DE ACTUACIÓN SUSTENTABLES E URXENTES, POR IMPORTE DE 3.162.270,86.

Derivada da liquidación positiva de 2014, xunto co control do déficit permitiu que se puidera refinar o préstamo ICO, o que supuxo unha inxección de investimento para a cidade de 3,2 millóns de euros.

## VIII.- CUMPLIMIENTO DOS PRAZOS DE PAGO A PROVEEDORES Y EMPRESAS

O concello e os seus entes instrumentais continuaron a cumprir cos prazos de cumprimento de pago aos provedores e as empresas, evitando o peche de mais empresas e destrución de emprego e vitando así a tutela financeira do Estado e diversas posible sancións como a perda do PIE.

Así o ultimo dato do Ministerio de Hacienda con respecto ao Concello e entes instrumentais é de **15,89 días en abril**, fronte aso **143 do ano 2011**.

## IX.- CANCELACIÓN DO PLAN DE AXUSTE

O concello, derivado da DÉBEDA a PROVEEDORES herdada en 2011, de preto de 18.000.000 millóns de euros, tivo que concertar por imperativo legal unha operación de crédito co ICO por importe de 12 millóns de euros.

Elo supuxo a obrigatoriedade de realizar un plan de axuste que foi aprobado polo Ministerio de Hacienda.

Dito plan tiña unha duración de 10 anos, do 2012 ao 2022.

Derivado da boa xestión económica, e do cumprimento de:

- a) Eliminación do déficit
- b) Pago a provedores e empresas
- c) Minoración da débeda

Púidose **adiantar EN SETE ANOS a CANCELACIÓN DO PLAN DE AXUSTE**, anticipándose o seu cumprimento, e **EVITANDO NOVOS RECORTES E SAINDOSE DA TUTELA FINANCIERA DO ESTADO**.

## X.- REFINANCIAMENTO DO PRÉSTAMO ICO

**Outro bo resultado do Goberno**, foi que tamén derivado da eliminación do déficit, o cumprimento do Pago a provedores e empresas e a minoración da débeda, o concello puido acollerse a lei 18/2014 e refinar o referido préstamo ICO para o pago a provedores.

Ilo supón unha liquidez de 1,5 millóns de euros para o concello e unha baixada dos tipos do 5,4% ao 0.86%.

## XI.- REDUCCIÓN A MÍNIMOS HISTÓRICOS DA DÉBEDA

### DATAS FIN MANDATO 2011 e 2015:

	01/07/2011	10/06/2015	Minoración
Bancaria	60.281.785,85	45.819.739,43	-14.462.046,42
DEBEDA bancaria HABITANTES	633,17	478,29	-154,88

**Nota 1** : O concello aprobou para 2015 dentro da medida da baixada do IBI do 0,57 ao 0,54, a modificación do calendario fiscal do imposto xa que logo viña a coincidir co pagamento do imposto de vehículos e co do IRPF. Sendo o IBI o maior ingreso do concello (preto de 30 m.) dita modificación para favorecer aos veciños ocasiona falta de liquidez puntual para pagar aos provedores que segundo a lexislación actual é preciso cumprir en 30 días e que o concello cumpre en 15 días.

Por ese motivo, nunha política responsable o concello para atender o pagamento de facturas solicitou unha operación de tesourería (que non débeda) por importe de 8 m. que ten que devolver en setembro, unha vez se cobre o IBI. Polo tanto aínda que formalmente pódese considerar débeda dita operación de 8 m. NON se trata de débeda bancaria a devolver en varios anos senón contra o ingreso do IBI en setembro, un adianto do ingreso do IBI.

**Nota 2**: Nos 45.819.739,43 de débeda bancaria se inclúen os 12.000.000 millóns que no ano 2012 houbo que endebedarse para pagar a débeda preexistente a provedores.

### 3.- Previsións a 31/12/2015:

Previsión a 31/12/2015
40.507.510,09

## **XII PAGOS DÉBEDA E AMORTIZACIÓNS NA LEXISLATURA:**

Os pagos de DÉBEDA + AMORTIZACIÓNS **SUPERARON OS 40 MILLÓNS DE EUROS.**

## **XIV.- CREACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DA FACTURA ELECTRÓNICA A E A DESCENTRALIZACIÓN CONTABLE**

En xaneiro 2015 púxose en funcionamento a tramitación da factura electrónica que permite xestionar as conformidades de xeito moito máis áxil para os xestores e os provedores.